




Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN GRUPO B (Abril – Xuño 2011)

Non me deixes nunca, de Kazuo Ishiguro

Novela de iniciación ambientada nun internado británico. O despertar á vida dos seus persoaxes, o seu medre como persoas dentro duns límites impostos dende fóra son narrados a través dun triángulo amoroso. Kazuo Ishiguro é un novelista de orixe xaponés establecido en Inglaterra dende 1960. Gañador do premio Whitbread.



A sangre fría, de Truman Capote

Novela que describe o suceso real do asasinato dunha familia na súa granxa de Kansas. Truman Capote inaugura o xénero de non-ficción cun relato que levou cinco anos de investigación que puxo a proba os nervios dos seus editores. "A sangre fría" é a conxunción perfecta entre narrativa tradicional e reportaxe xornalística.

Merlín e familia, de Álvaro Cunqueiro

A historia dun Merlín xa vello e refuxiado nas terras da Miranda luguesa chega ao lector a través do relato dunha testemuña directa, o paxe Felipe de Amancia, que lembra os tempos nos que traballou como criado do mago. En Cunqueiro, a arte do narrador, adobiada dun fino humor, sorprende pola capacidade para facer convivir o mito co mundo cotiá.



Obra poética de Lois Pereiro

A estampa de Lois Pereiro converteuse nunha icona no mundo cultural galego, e neste ano 2011 o Día das Letras Galegas reivindica unha figura que conecta a poesía galega cos movementos da cultura europea dos 80 e a contracultura. Segundo Manuel Rivas, Lois Pereiro "é un mito contemporáneo. A súa obra é avanguardista, universal e tamén dramática, pero con moito alento".

La soledad de los números primos, de Paolo Giordano

Entre os números primos, como entre as persoas, algúns son realmente especiais. Son os chamados primos xemelgos, separados por un número par. Como eles, Alice e Mattia sempre están separados por algo que se interpón entre ambos. Feridos na súa nenez, medran xuntos, pero sen chegaren a tocarse.



GRUPO B